

NOTA DE PRENSA

En colaboración con Juguetos Ourense

Grupo Cuevas promove que os nenos doen xoguetes propios para compartir con outros

Instalou colectores para recollelos nas súas principais tendas

Os principais supermercados do Grupo Cuevas instalaron colectores para a recollida de xoguetes, dentro da campaña “Comparte e recicla”, que promoven a nivel nacional Neox Kidz e a Fundación Crecer Xogando, coa colaboración de El Corte Inglés, Hipercor e as principais tendas de xoguetes. O obxectivo da acción solidaria é que sexan os propios nenos en compañía das súas familias quen seleccionen algúns dos seus propios xoguetes en bo estado e os doen, como forma de aprender a compartir e comprender a satisfacción que poden proporcionar a outros nenos que os recibirán o próximo Nadal.

A campaña de recollida, que se desenvolve coa participación do Grupo Cuevas e Juguetos Ourense, estenderase ata o próximo 16 de xullo. Os xoguetes recibidos serán almacenados no Polígono de San Cibrao ata o seu traslado aos centros nacionais nos que serán recuperados e procesados para darlles unha segunda vida no próximo Nadal, cando serán distribuídos a través das organizacións benéficas que habitualmente os solicitan. Os xoguetes que xa non poidan ser aproveitados serán reciclados directamente.

Na iniciativa participan tamén Ecotic, que xestiona a loxística e a reciclaxe, e a Fundación Seur, que se ocupa do posterior traslado ás ONG.

Pé de foto. O director xeral de Grupo Cuevas, Artur Yuste, e o director xeral de Juguetos en Ourense, Manuel L. Reguera, asinaron o acordo de colaboración.